# BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME II / NUM. 19
SEMÁNS 18-19-20-21/1987
(3 ó 31 de Maio)

CONSELLERÍA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL

11 DE SEPTIEMBRE DE 1987


# *Obxectivos da estratexia rexional europea da saúde para todos (e II)*

## (OBXECTIVOS 11 e 12)

### Obxectivo 11

#### *Accidentes*

**De aquí ó ano 2000, a frecuencia dos accidentes debería ser reducida alomenos nun 25 por 100 na Rexión, gracias a un gran esforzo de loita contra os accidentes de circulación en estrada, os accidentes domésticos e os accidentes de traballo.**

A realización deste obxectivo está subordinada a certas condicións: que de aquí ó ano 2000 a mortalidade por accidentes de estrada non sexa superior ó 20 por 100.000 en ningún país da Rexión; que esta taxa se leve por debaixo do 15 nos países nos que xa é inferior a 20 por 100.000; que tódolos países reduzan as disparidades entre sexos, idades e grupos socio-económicos; que a mortalidade por accidentes sexa reducida alomenos nun 50 por 100; sería necesario, finalmente, que a mortalidade por accidentes domésticos fose notablemente reducida.

#### *Enunciado do problema*

Cunha taxa de mortalidade de arredor dun 50 por 100.000, os accidentes van en terceiro lugar entre as causas de falecemento na Rexión. Os falecementos por accidente inciden no 50 por 100 dos casos en individuos de idades entre 15 e 64 anos e constitúen o 50 por 100 no conxunto de falece-

mentos de homes de idades comprendidas entre 15 e 24 anos.

A mortalidade por accidentes acusa diferencias considerables entre os países da Rexión. Entre eles, dos que se dispón de datos, as taxas de mortalidade varían entre 30 e 65 por 100.000. Queda constancia igualmente de grandes disparidades no interior dun mesmo país. En efecto, os accidentes son unha das causas de falecemento na que as diferencias entre grupos socio-económicos son máis significativas.

Nos países desenvolvidos, aínda que o número de falecementos e de feridos por accidentes ten sido regresivo ó longo dos últimos anos, a importancia relativa dos accidentes como causa de falecemento medrou, especialmente nos nenos, os xoves e as persoas de idade avanzada. Nos países en desenvolvemento, o número de accidentes, de mortes por accidente e de traumatismos de orixe accidental aumentaron como consecuencia da industrialización crecente e do incremento da utilización de vehículos con motor.

Os accidentes de vehículos de motor constitúen ó redor do 40 por 100 da mortalidade total por accidentes. As taxas de mortalidade por accidentes deste xénero van de 9 a 30 por 100.000 segundo os Estados membros, dos cales vinte lograron, desde 1974, reducir globalmente nun 15 por 100 os falecementos debidos a esta clase de accidentes. Por cada morte por accidente de circulación corresponden aproximadamente 15 casos de feridos graves e 30 de lesións menores. Os accidentes por vehículos de motor son, pois, unha importante causa de hospitalización e un factor destacado de incapacidade permanente. Obrigan a recorrer a técnicas de tratamento complexas e custosas e fan contribuír ós servicios médico-sociais na prestación de atencións ós pacientes que padecen incapacidade.

As intoxicacións accidentais, as caídas e os incendios son colectivamente responsables de 25 falecementos por 100.000 habitantes e constitúen aproximadamente o 45 por 100 da mortalidade total por accidentes.

Aínda que os datos disponibles non permiten unha determinación precisa dos lugares nos que sobreveñen os accidentes, os domésticos parecen constituír unha causa importante de morte na Rexión.

Os sucedidos no lugar de traballo constitúen unha importante causa de incapacidade e de falecemento. Os datos disponibles mostran que, nos países altamente industrializados, a taxa anual de accidentes profesionais declarados é de arredor do 6 por 100 dos traballadores.

A frecuencia dos accidentes denominados «de traxecto» elévase aproximadamente a unha décima parte dos accidentes ocorridos nos lugares de traballo. As taxas de falecementos declarados varían de 2 a máis do 10 por 100.000 dos casos; aproximadamente un 10 por 100 destes accidentes producen incapacidade permanente e son seis veces máis frecuentes nos homes do que nas mulleres.

Ó longo dos dez últimos anos, sacando algúns países que lograron reducir notablemente os accidentes mortais nos lugares de traballo, a tendencia xeral en Europa caracterizouse por unha diminución moi débil, case inapreciable, da súa frecuencia.

## *Solucións posibles*

En materia de prevención de accidentes, cumpriría desenvolver políticas e programas multidisciplinares e intersectoriais tentando, por unha banda, identificar e logo eliminar ou reduci-los riscos, sobre todo no fogar, na estrada e nos lugares de traballo e, por outra, crear productos que presenten unha maior seguridade. Como xa existe un amplo —e que non para de crecer— mercado de vehículos de motor, habería que potencia-la adopción de modificacións internacionalmente aceptadas na concepción de vehículos, no senso de tomar máis en conta os imperativos de saúde e de seguridade e dunha maior protección dos conductores e pasaxeiros. Un reforzo das accións educativas e outro de prevención en estrada, unha mellora das estradas, unha mellor concepción das máquinas, o emprego de embalaxes que poñan os medicamentos fóra do alcance dos nenos, os regulamentos de construcción, os regulamentos antiincendios, os dispositivos de seguridade e outras formas de loita contra os accidentes de traballo, serían algunhas das maneiras de axudar a reduci-la frecuencia dos accidentes. Sería necesario promulgar medidas e aplicar incentivos económicos destinados a alenta-la concepción e comercialización de productos máis seguros. Os productos de consumo deberían ser sistematicamente obxecto de probas de hixiene e seguridade, sendo os seus resultados coñecidos polos consumidores.

Un papel importante do sector de saúde é suscitar unha maior toma de conciencia do problema dos riscos por parte dos políticos, os planificadores, os profesionais e os consumidores. Deste xeito, tódolos países se proverán de sistemas axeitados de vixilancia epidemiolóxica e de planificación de disposicións necesarias para facer fronte a circunstancias imprevistas e ós accidentes, incluídas as catástrofes debidas ó home ou as naturais, e que tamén existan variedade de mecanismos axeitados para dirixi-las situacións de urxencia que afectan a máis de un Estado membro.

Cumpriría tratar de mellora-lo sistema de información sobre os accidentes, de tal modo que sexa posible localizar cada caso, o cal permitiría discernir mellor as causas de accidentes domésticos, nos daría unha idea clara das persoas con máis alto risco e nos provería de informes moi valiosos para o desenvolvemento posterior de programas de intervención.

## Obxectivo 12

## *Suicidio*

**De aquí ó ano 2000, a tendencia actual crecente de suicidios e de tentativas de suicidio na Rexión debería ser invertida.**

A realización deste obxectivo está subordinada a tres condicións: reducir suficientemente os factores sociais que agobian ó individuo, tales como o paro e o illamento social; reforzar mediante accións educativas e apoio social a capacidade do individuo para afronta-los problemas existenciais; actuar de tal maneira que se preparase mellor ó persoal de servicios de saúde e dos servicios sociais para protexe-las persoas de alto risco.

# ENFERMIDADES DE DECL

## ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARAC

### SEMÁNS 18-19-20-21/19

| COMARCAS | BRUCELOSE (023) 1987 | | DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004) 1987 | | ESCARLATINA (034) 1987 | | FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2) 1987 | | GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0) 1987 | | GRIPE (487) 1987 | | HEPATITE VIRICA (070) 1987 | | INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036) 1987 | | NEUMONIAS (480-486) 1987 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. | Casos | Acumul. |
| 1 CEDEIRA | | | | | 1 | 3 | | | | 7 | 31 | 84 | | | | | 3 | 15 |
| 2 ORTIGUEIRA | | 1 | | | | 1 | | 1 | 3 | 6 | 22 | 740 | 6 | 17 | | 2 | 6 | 32 |
| 3 NARÓN | | | | | | 5 | | | 3 | 6 | 14 | 1.266 | 1 | 7 | | | 1 | 20 |
| 4 AS PONTES | | | | | 1 | 1 | | | 2 | 10 | 129 | 1.394 | 1 | 8 | | 1 | | 9 |
| 5 FERROL | | | | | | 12 | | | | 23 | 259 | 4.908 | 19 | 79 | | 2 | | 5 |
| 6 FENE | | | | | | | | | | 1 | 72 | 1.303 | | 1 | | 1 | 2 | 8 |
| 7 PONTEDEUME | | | | | | | | | 3 | 23 | 202 | 2.386 | | 7 | | | 6 | 28 |
| 8 CEE | | | | | | 3 | | | | 2 | 120 | 2.519 | | 1 | | 1 | 16 | 114 |
| 9 VIMIANZO | | | | | | | | | | | | 223 | 9 | 21 | | | | 2 |
| 10 PONTECESO | | | | | 3 | 3 | | 1 | 1 | 6 | 112 | 2.115 | 3 | 12 | | 1 | 5 | 23 |
| 11 CARBALLO | | | | 1 | | | | | 4 | 31 | 12 | 1.063 | 3 | 4 | | 2 | 13 | 24 |
| 12 ARTEIXO | | | | | | | | 1 | | 2 | | | | | | | 2 | 2 |
| 13 A CORUÑA | | | | 2 | | 6 | 1 | 1 | | 40 | | 10.443 | | 46 | 2 | 8 | | 61 |
| 14 CULLEREDO-O BURGO | | | | | | 1 | | 1 | 3 | 16 | 24 | 1.080 | | 4 | | | 11 | 53 |
| 15 OLEIROS | | | | | 3 | 3 | | 1 | | 6 | 26 | 351 | 1 | 1 | | 2 | 6 | 10 |
| 16 BETANZOS | | | | | 1 | 15 | | | 7 | 35 | 59 | 1.328 | 1 | 6 | | | 6 | 54 |
| 17 SANTA COMBA | | | | | | | | | | 13 | | 655 | | 1 | | | 3 | 33 |
| 18 NEGREIRA | | | | | | 2 | | | 6 | 35 | 30 | 256 | 1 | 5 | | | 2 | 60 |
| 19 ORDES | | | | | | | | | 16 | 84 | 164 | 2.535 | | | | | 8 | 118 |
| 20 CURTIS-TEIXEIRO | | | | | 2 | 2 | | | 2 | 5 | 34 | 636 | | | | | 3 | 38 |
| 21 SANTIAGO | | | | | | 2 | 3 | 6 | 3 | 30 | 43 | 2.592 | | 1 | 3 | 4 | 22 | 186 |
| 22 MELIDE | | | | | | | | | 1 | 9 | 8 | 389 | | 1 | | | 1 | 11 |
| 23 MUROS | | | | | | | | | | 4 | | 141 | 1 | 1 | | | | 15 |
| 24 NOIA | | | | | 9 | 10 | | | 3 | 11 | 121 | 700 | | 12 | | | 6 | 38 |
| 25 PADRON | | | | | 1 | 1 | | | 10 | 31 | 41 | 937 | | 5 | | | 11 | 89 |
| 26 BOIRO | | | | | | | | | | | 63 | 630 | | 1 | | | 6 | 50 |
| 27 RIBEIRA | | | | | | | | 1 | | 5 | 90 | 1.328 | 1 | 4 | | | 2 | 27 |
| 28 A ESTRADA | | | | | | | 2 | 2 | | 11 | 110 | 1.502 | 1 | 10 | 1 | 1 | 1 | 10 |
| 29 LALIN | | | | | 1 | 8 | | | 4 | 33 | 97 | 2.121 | | 1 | | 1 | 2 | 34 |
| 30 VILAGARCIA DE AROUSA | | | 6 | 6 | | | | 6 | 3 | 10 | 183 | 4.314 | 5 | 18 | | 6 | | 5 |
| 31 CALDAS DE REIS | | | | | | 1 | 1 | 1 | | 2 | 12 | 390 | | | | 2 | 2 | 18 |
| 32 VILANOVA DE AROUSA | | | | | | | | 3 | | | 9 | 450 | | | | 3 | | 10 |
| 33 CAMBADOS | | | | | | | | | | 5 | 64 | 871 | 1 | 4 | | 3 | 1 | 19 |
| 34 O GROVE | | | | | | | | 2 | | | | 288 | | 1 | | | 6 | 9 |
| 35 SANXENXO | | | | | | | | 2 | 4 | 5 | 45 | 390 | 1 | 7 | | 1 | 1 | 9 |
| 36 PONTEVEDRA | | | | 2 | 10 | 19 | | 5 | | 18 | 277 | 6.345 | 4 | 33 | | 3 | 10 | 73 |
| 37 FORCAREI | | | | | | | | | | 4 | 27 | 192 | | 3 | | 2 | 5 | 20 |
| 38 MARIN | | | | | | 1 | | | | | 254 | 2.541 | | 14 | | 1 | 2 | 42 |
| 39 CANGAS | | | | | | | 5 | 5 | 3 | 3 | 107 | 1.038 | 2 | 3 | | | | 35 |
| 40 REDONDELA | | | | | 2 | 4 | 2 | 7 | | 2 | 5 | 950 | 8 | 36 | | 1 | 1 | 15 |
| 41 VIGO | | 1 | | 24 | | 13 | | 7 | 1 | 31 | 96 | 4.444 | 2 | 26 | | 11 | | 8 |
| 42 VAL MIÑOR-PANXON | | | | | 1 | 1 | | | 1 | 14 | 5 | 592 | 1 | 2 | | 2 | 3 | 19 |
| 43 PORRIÑO | | | | | | | | | 3 | 12 | 2 | 923 | 1 | 1 | | 3 | 3 | 50 |
| 44 PONTEAREAS | | | | | | | | 2 | | 14 | 51 | 471 | | 9 | | 1 | | 15 |
| 45 A CAÑIZA | | | | | | | | | | | 73 | 973 | 1 | 1 | | 2 | 2 | 36 |
| 46 A GARDA | | | | | | | | 1 | 4 | 14 | 6 | 639 | | 5 | | 1 | 2 | 23 |
| 47 TUI | | | | | | | | | 1 | 8 | 30 | 1.288 | | 1 | | 2 | | 17 |
| 48 SALVATERRA DE MIÑO | | | | | | | | | 1 | 1 | 32 | 548 | | | | 1 | 2 | 6 |
| 49 VIVEIRO | | | | | | 2 | | | 3 | 16 | 59 | 368 | 3 | 9 | | 1 | 3 | 20 |
| 50 CERVO-BURELA | | | | | | 1 | 1 | 2 | | 4 | 8 | 401 | 2 | 3 | | | 4 | 38 |
| 51 MONDOÑEDO | | | | | | | | | | | | 30 | | | | | | |
| 52 RIBADEO | | | | | | 1 | | | 1 | 9 | 58 | 753 | | | | | 4 | 26 |
| 53 VILALBA | | 1 | | | | | | | 5 | 16 | 4 | 132 | | | 1 | 6 | | 12 |
| 54 MEIRA | | | | | | | | | 3 | 17 | 96 | 1.135 | | 2 | | | 5 | 50 |
| 55 FONSAGRADA | | | | | | | | | | 3 | 27 | 383 | | | | | 5 | 24 |
| 56 GUITIRIZ | | | | | | | | | | 5 | | 51 | | 2 | | | | 3 |
| 57 RABADE | | 2 | | | | | | | | 1 | 1 | 712 | | 5 | | | 3 | 16 |
| 58 LUGO | | 5 | 1 | 7 | | 4 | | | 2 | 10 | 96 | 1.651 | 4 | 25 | 4 | 8 | 2 | 2 |
| 59 CASTROVERDE | | | | | | | | | | 1 | 6 | 159 | | 1 | | | 2 | 5 |
| 60 PALAS DE REI | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 61 MONTERROSO | | | | | | | | | 1 | 5 | 25 | 624 | | | | | 3 | 133 |
| 62 SARRIA | | | | | | | | | 4 | 24 | 88 | 1.456 | 2 | 9 | | 1 | 9 | 95 |
| 63 BECERREÁ | | 2 | | | | | | | 3 | 19 | 67 | 2.140 | | 2 | | | 7 | 50 |
| 64 CHANTADA | | | | | | | | | 5 | 19 | 58 | 1.618 | 4 | 29 | | | 11 | 99 |
| 65 MONFORTE DE LEMOS | | | | | | 1 | | | | 6 | 20 | 272 | | 2 | | | 1 | 9 |
| 66 QUIROGA | | | | | | | | | 1 | 4 | 6 | 153 | 2 | 3 | | | 2 | 9 |
| 67 O BARCO | 1 | 1 | | | | | 2 | 3 | 2 | 17 | 383 | 3.127 | 1 | 239 | 1 | 3 | 1 | 16 |
| 68 O CARBALLIÑO | | | | | | | | 1 | 1 | 17 | 254 | 2.991 | 4 | 54 | | 3 | | 24 |
| 69 RIBADAVIA | | | | | | 1 | 1 | 1 | 1 | 21 | 133 | 1.631 | | 59 | 3 | 9 | 4 | 50 |
| 70 OURENSE | | 3 | | | 3 | 6 | | 2 | 1 | 29 | 91 | 2.793 | 2 | 94 | 4 | 31 | 15 | 121 |
| 71 MACEDA | | | | | | | | | | 5 | 13 | 921 | | | | | | 30 |
| 72 CASTRO-CALDELAS | | | | | | | | | 1 | 8 | 85 | 427 | | | 1 | 1 | 1 | 18 |
| 73 A POBRA DE TRIVES | 2 | 11 | | | | | | | 3 | 11 | 64 | 1.200 | | 35 | | 14 | 6 | 34 |
| 74 VIANA DO BOLO | | 1 | | | | | | | 1 | 5 | 12 | 565 | | 12 | | | 2 | 23 |
| 75 CELANOVA | 1 | 2 | | | | | 1 | 2 | 2 | 39 | 174 | 1.760 | 1 | 8 | | 1 | 3 | 29 |
| 76 ALLARIZ | | | | | | | | 2 | 16 | 51 | 60 | 637 | | | | | 5 | 25 |
| 77 BANDE | | | | | | | | 1 | 11 | 26 | 38 | 551 | | | | | 1 | 3 |
| 78 XINZO DE LIMIA | | 1 | | | 1 | 1 | | 4 | 13 | 56 | 34 | 1.414 | | 2 | | 1 | 2 | 20 |
| 79 VERÍN | 5 | 9 | | | 1 | 1 | 1 | 2 | 6 | 24 | 145 | 1.682 | 1 | 80 | | 2 | 11 | 79 |
| 80 A GUDIÑA | | 3 | | | | | 1 | 2 | 1 | 15 | 6 | 329 | | | | 2 | 1 | 16 |

### *Enunciado do problema*

As taxas oficiais de suicidios varían moito segundo os países da Rexión dos cales se dispón de datos; oscilando globalmente entre 3 e 45 mortes por 100.000 habitantes, están por debaixo de 10 en oito países e por encima de 20 por 100.000 en sete países (en dous deles sobrepasan o 26 por 100.000).

Nos países con taxa baixa de suicidios, a relixión e as crenzas sociais poderían ser unha explicación aínda que non se pode excluí-la posibilidade de que os datos estean orixinados por unha ocultación importante de casos. A tendencia ó longo dos vinte últimos anos caracterizouse por un aumento na maior parte dos países europeos, especialmente no grupo de idade comprendido entre 15 e 34 anos nas mulleres. É, con todo, no grupo de idades superiores e nos homes onde as taxas de suicidio son máis elevadas.

Unha gran proporción de suicidios están asociados a unha perturbación mental que pode ser descuberta (probablemente unha patoloxía depresiva que sería curable alomenos na metade dos casos). O alcoholismo está en segundo lugar entre os estados de predisposición ó suicidio.

Outro problema extremadamente preocupante é o das tentativas de suicidio. As taxas dobráronse e mesmo, en certos países, se triplicaron en vinte anos. A taxa media está actualmente estimada en arredor de 200 por 100.000 nos homes e aproximadamente 350 por 100.000 nas mulleres. Case dous tercios dos casos obsérvanse en individuos de menos de 30 anos. Debemos ter en conta que, na súa maioría, os autores de tentativas de suicidio non tentan, realmente, morrer; son unicamente do 10 ó 20 por 100 das persoas que realizaron tentativas de suicidio as que cometen antes ou despois un suicidio real.

Os candidatos ó suicidio recrútanse principalmente nos mozos de familias desfeitas ou con antecedentes de suicidio, nos alcohólicos e outros toxicómanos, nas víctimas de fracasos escolares, nos parados e nos depresivos. O feito de que o aumento da frecuencia, tanto de suicidios coma de tentativas de suicidio, sexa especialmente alto nos xoves é explicable pola maior vulnerabilidade dos xoves ás condicións sociais que acompañan a inestabilidade económica e cultural.

### *Solucións posibles*

As consideracións que preceden demostran claramente que existe materia para unha acción preventiva, polo menos en tres grandes direccións.

En primeiro termo, trataríase de corrixir, na medida do posible, os factores sociais que crean tensión no individuo, tales como o paro, o illamento social de persoas de idade que viven soas e mailos fracasos escolares. Aínda que o intrincado destes factores fai que teñamos aínda un coñecemento imperfecto deles, e maila a necesidade dun profundo traballo de investigación, o tema é suficientemente importante como para xustifica-lo inicio dunha serie de accións positivas sobre el.

En segundo lugar, hai que se esforzar por investiga-los medios para reforza-la capacidade xeral do individuo para afronta-los acontecementos que a vida lle depara. O obxectivo designado para o desenvolvemento desta capacidade (Obxectivo 15) encamíñase á posta en marcha dunha máis ampla rede de apoio social (Obxectivo 14), revestindo unha especial importancia a este respecto.

En terceiro lugar, o feito de que a maioría dos suicidas consulten a un internista ou a outro profesional sanitario pouco antes

do seu suicidio ou do intento de suicidio, ofrece unha posibilidade de acción preventiva. Desgraciadamente, parece que, ó non estaren correctamente formados nos métodos de diagnóstico e tratamento nin posuíren o tacto requirido, os profesionais sanitarios están, adoito, insuficientemente preparados para fornecer ós suicidas o apoio que lles cumpriría. O mesmo sucede co persoal de urxencias e das unidades de coidados intensivos dos hospitais xerais nos que, polo xeral, son ingresados. Por outra parte, o público está mal informado sobre os síntomas e as circunstancias do risco de suicidio.

Sería preciso que o persoal sanitario e a colectividade se comprometesen, activamente e en común, a descubrir, aprecia-lo seu estado e coidar dos suxeitos de risco. Ás persoas que se preparan para exerce-las profesións sanitarias habería que lles dispensar ensinanzas sobre as características sociais e clínicas e sobre a conducta que se ha ter fronte ós individuos de máis alto risco, así como sobre o modo máis eficaz de asegurar na comunidade a atención das personas que se senten tentadas ó suicidio.

Así mesmo, deberíase informar á poboación, especialmente ós mozos a través da escola, sobre as causas e os medios de prevención dos comportamentos suicidas e sobre a incapacidade para afrontar correctamente os acontecementos da vida, que é, a miúdo, a causa de tales comportamentos. Dados que as taxas de suicidio e de tentativas de suicidio son indicadores importantes do estado de saúde dunha comunidade, habería que se comprometer a mellora-lo índice destes casos.

# CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

## (NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

**COMARCA DE CEDEIRA**
Concello de Cedeira
Concello de Cerdido

**COMARCA DE ORTIGUEIRA**
Concello de Ortigueira
Concello de Mañon

**COMARCA DE NARÓN**
Concello de Valdoviño
Concello de Narón
Concello de San Sadurniño
Concello de Moeche
Concello de Neda

**COMARCA DE AS PONTES**
Concello de Somozas
Concello de As Pontes

**COMARCA DE FERROL**
Concello de Ferrol

**COMARCA DE FENE**
Concello de Ares
Concello de Mugardos
Concello de Fene
Concello de Capela

**COMARCA DE PONTEDEUME**
Concello de Cabanas
Concello de Pontedeume
Concello de Miño
Concello de Vilarmaior
Concello de Monfero

**COMARCA DE CEE**
Concello de Muxia
Concello de Dumbria
Concello de Cee
Concello de Fisterra
Concello de Corcubión
Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)

**COMARCA DE VIMIANZO**
Concello de Camariñas
Concello de Vimianzo
(Parroquias de Allo,
Baio e Vilar (Zas)

**COMARCA DE PONTECESO**
Concello de Malpica
Concello de Ponteceso
Concello de Cabana
Concello de Laxe

**COMARCA DE CARBALLO**
Concello de Laracha
Concello de Carballo
Concello de Coristanco

**COMARCA DE ARTEIXO**
Concello de Arteixo

**COMARCA DE A CORUÑA**
Concello de A Coruña

**COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO**
Concello de Culleredo
Concello de Cambre
Concello de Carral
Concello de Cerceda

**COMARCA DE OLEIROS**
Concello de Oleiros
Concello de Sada

**COMARCA DE BETANZOS**
Concello de Bergondo
Concello de Betanzos
Concello de Paderne
Concello de Irixoa
Concello de Abegondo
Concello de Oza dos Rios
Concello de Coirós
Concello de Aranga
Concello de Cesuras

**COMARCA DE SANTA COMBA**
Concello de Zas
Concello de Santa Comba
Concello de Mazaricos

**COMARCA DE NEGREIRA**
Concello de A Baña
Concello de Negreira

**COMARCA DE ORDES**
Concello de Tordoia
Concello de Ordes
Concello de Mesia
Concello de Frades
Concello de Oroso

**COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO**
Concello de Curtis
Concello de Vilasantar
Concello de Sobrado

**COMARCA DE SANTIAGO**
Concello de Val do Dubra
Concello de Trazo
Concello de Ames
Concello de Santiago
Concello de O Pino
Concello de Boqueixón
Concello de Touro
Concello de Brión
Concello de Teo
Concello de Vedra

**COMARCA DE MELIDE**
Concello de Boimorto
Concello de Arzúa
Concello de Melide
Concello de Toques
Concello de Santiso

**COMARCA DE MUROS**
Concello de Carnota
Concello de Muros

**COMARCA DE NOIA**
Concello de Outes
Concello de Noia
Concello de Lousame
Concello de Porto do Son

**COMARCA DE PADRÓN**
Concello de Rois
Concello de Padrón
Concello de Dodro
Concello de Pontecesures
Concello de Valga

**COMARCA DE BOIRO**
Concello de Boiro
Concello de Rianxo

**COMARCA DE RIBEIRA**
Concello de A Pobra do Caramiñal
Concello de Ribeira

**COMARCA DE A ESTRADA**
Concello de A Estrada
Concello de Cuntis

**COMARCA DE LALÍN**
Concello de Vila de Cruces
Concello de A Golada
Concello de Silleda
Concello de Lalin
Concello de Rodeiro
Concello de Dozón

**COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA**
Concello de Catoira
Concello de Vilagarcia de Arousa

**COMARCA DE CALDAS DE REIS**
Concello de Caldas de Reis
Concello de Portas
Concello de Moraña

**COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA**
Concello de Vilanova de Arousa

**COMARCA DE CAMBADOS**
Concello de Cambados
Concello de Ribadumia
Concello de Meis

**COMARCA DE O GROVE**
Concello de O Grove

**COMARCA DE SANXENXO**
Concello de Sanxenxo
Concello de Meaño

**COMARCA DE PONTEVEDRA**
Concello de Barro
Concello de Campo-Lameiro
Concello de Poio
Concello de Pontevedra
Concello de Cotobade
Concello de Vilaboa
Concello de Ponte-Caldelas
Concello de A Lama

**COMARCA DE FORCAREI**
Concello de Cerdedo
Concello de Forcarei

**COMARCA DE MARÍN**
Concello de Marín
Concello de Bueu

**COMARCA DE CANGAS**
Concello de Cangas
Concello de Moaña

**COMARCA DE REDONDELA**
Concello de Soutomaior
Concello de Redondela
Concello de Pazos de Borbén
Concello de Fornelos de Montes

**COMARCA DE VIGO**
Concello de Vigo

**COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN**
Concello de Nigrán
Concello de Baiona
Concello de Gondomar

**COMARCA DE PORRIÑO**
Concello de Mos
Concello de Porriño
Concello de Salceda de Caselas

**COMARCA DE PONTEAREAS**
Concello de Ponteareas
Concello de Mondariz-Balneario
Concello de Mondariz
Concello de Covelo

**COMARCA DE A CAÑIZA**
Concello de A Cañiza
Concello de Crecente
Concello de Arbo

**COMARCA DE A GUARDA**
Concello de Oia
Concello de O Rosal
Concello de A Guarda

**COMARCA DE TUI**
Concello de Tomiño
Concello de Tui

**COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO**
Concello de Salvaterra de Miño
Concello de As Neves

**COMARCA DE VIVEIRO**
Concello de Vicedo
Concello de Viveiro
Concello de Ourol

**COMARCA DE CERVO-BURELA**
Concello de Xove
Concello de Cervo
Concello de Foz
Concello de Valadouro
Concello de Alfoz

**COMARCA DE MONDOÑEDO**
Concello de Mondoñedo
Concello de Lourenzá

**COMARCA DE RIBADEO**
Concello de Barreiros
Concello de Ribadeo
Concello de Trabada

**COMARCA DE VILALBA**
Concello de Muras
Concello de Xermade
Concello de Vilalba
Concello de Abadin
Concello de Cospeito

**COMARCA DE MEIRA**
Concello de A Pastoriza
Concello de Riotorto
Concello de A Pontenova Vilaodriz
Concello de Meira
Concello de Ribeira de Piquin
Concello de Pol
Concello de Castro de Rei (metade Norte)

**COMARCA DE A FONSAGRADA**
Concello de A Fonsagrada
Concello de Negueira de Muñiz

**COMARCA DE GUITIRIZ**
Concello de Guitiriz

**COMARCA DE RÁBADE**
Concello de Begonte
Concello de Rábade
Concello de Outeiro de Rei

**COMARCA DE LUGO**
Concello de Castro de Rei (metade Sur)
Concello de Friol
Concello de Lugo
Concello de Guntin
Concello de O Corgo
Concello de Portomarin
Concello de Taboada

**COMARCA DE CASTROVERDE**
Concello de Castroverde
Concello de Baleira

**COMARCA DE PALAS DE REI**
Concello de Palas de Rei

**COMARCA DE MONTERROSO**
Concello de Antas de Ulla
Concello de Monterroso

**COMARCA DE SARRIA**
Concello de O Páramo
Concello de Sarria
Concello de Láncara
Concello de Paradela
Concello de O Incio
Concello de Samos
Concello de Triacastela

**COMARCA DE BECERREÁ**
Concello de Baralla (Neira de Xusá)
Concello de Becerreá
Concello de Navia de Suarna
Concello de As Nogais
Concello de Cervantes
Concello de Pedrafita

**COMARCA DE CHANTADA**
Concello de Chantada
Concello de Carballedo

**COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS**
Concello de O Saviñao
Concello de Bóveda
Concello de Pantón
Concello de Monforte de Lemos
Concello de Pobra de Brollón
Concello de Sober

**COMARCA DE QUIROGA**
Concello de Folgoso de Courel
Concello de Quiroga
Concello de Ribas de Sil

**COMARCA DE O BARCO**
Concello de A Rúa
Concello de Vilamartin de Valdeorras
Concello de O Barco
Concello de Rubiá
Concello de Carballeda
Concello de Larouco
Concello de Petín
Concello de O Bolo

**COMARCA DE O CARBALLIÑO**
Concello de O Irixo
Concello de Piñor de Cea
Concello de San Cristovo de Cea
Concello de Beariz
Concello de Boborás
Concello de O Carballiño
Concello de Maside
Concello de San Amaro
Concello de Punxin

**COMARCA DE RIBADAVIA**
Concello de Avión
Concello de Leiro
Concello de Cenlle
Concello de Carballeda de Avia
Concello de Beade
Concello de Melón
Concello de Ribadavia
Concello de Castrelo de Miño
Concello de Arnoia
Concello de Cortegada

**COMARCA DE OURENSE**
Concello de Vilamarin
Concello de A Peroxa
Concello de Os Peares
Concello de Amoeiro
Concello de Coles
Concello de Nogueira de Ramuín
Concello de Ourense
Concello de Pereiro de Aguiar
Concello de Toén
Concello de Barbadás
Concello de San Ciprián de Viñas

**COMARCA DE MACEDA**
Concello de Esgos
Concello de Xunqueira de Espadañedo
Concello de Paderne de Allariz
Concello de Maceda
Concello de Baños de Molgas
Concello de Vilar de Barrio

**COMARCA DE CASTRO-CALDELAS**
Concello de Parada do Sil
Concello de A Teixeira
Concello de Castro-Caldelas
Concello de Montederramo

**COMARCA DE A POBRA DE TRIVES**
Concello de San Xoan de Rio
Concello de A Pobra de Trives
Concello de Chandrexa de Queixa
Concello de Manzaneda

**COMARCA DE VIANA DO BOLO**
Concello de A Veiga
Concello de Vilariño de Conso
Concello de Viana do Bolo

**COMARCA DE CELANOVA**
Concello de Cartelle
Concello de A Merca
Concello de Gomesende
Concello de Ramirás
Concello de Celanova
Concello de A Bola
Concello de Pontedeva
Concello de Padrenda
Concello de Quintela de Leirado
Concello de Verea

**COMARCA DE ALLARIZ**
Concello de Taboadela
Concello de Allariz
Concello de Xunqueira de Ambia

**COMARCA DE BANDE**
Concello de Bande
Concello de Lobeira
Concello de Entrimo
Concello de Lovios
Concello de Muiños

**COMARCA DE XINZO DE LIMIA**
Concello de Rairiz de Veiga
Concello de Vilar de Santos
Concello de Sandiás
Concello de Porqueira
Concello de Xinzo de Limia
Concello de Trasmirás
Concello de Calvos de Randin
Concello de Blancos
Concello de Baltar
Concello de Sarreaus

**COMARCA DE VERÍN**
Concello de Laza
Concello de Castrelo de Val
Concello de Cualedro
Concello de Monterrei
Concello de Oimbra
Concello de Verín
Concello de Vilardevós

**COMARCA DE A GUDIÑA**
Concello de Rios
Concello de A Gudiña
Concello de A Mezquita

**Subscrición e envío gratuito. Solicitudes:** Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade e Seguridade Social. San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.

Imprime: División de Artes Gráficas de «La Voz de Galicia, S. A.», La Coruña. Dep. Legal C. 688 - 1986

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE SANIDADE
E SEGURIDADE SOCIAL